

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 14 DE DECEMBRO DE 2017

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial de Ribadumia sendo as catorce horas do d3a catorce de decembro de dous mil dezasete, re3nense baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. David J. Castro Moug3n, os Tenentes de Alcalde D. J. Enrique Oubi3a Lago; D^a M^a do Pilar Mart3nez Troncoso; e D. Jos3 Ram3n Gonz3lez Ledo; 3s efectos de celebra-la sesi3n da Xunta de Goberno convocada.-

Act3a como Secretaria Dna. M^a Dolores Franco Mateo.

Aberta a sesi3n, pasouse a considera-los asuntos incl3idos na orde do d3a.-

1^o.- ACTA ANTERIOR.- D3ase conta da acta da sesi3n celebrada pola Xunta de Goberno Local con data 14 de novembro de 2017 a cal 3 aprobada por unanimidade na forma na que est3 redactada.

2^o.- LICENCIAS URBAN3STICAS.-

2^o.1.- LICENCIAS DE OBRAS.- Som3tese 3 consideraci3n da Xunta de Goberno as solicitudes de Licencias de Obras que se relacionan a continuaci3n, conced3ndose as devanditas licencias, salvo dereito de propiedade e sen prexuzo de terceiros:

Expdt. 106/17.-Visto o expediente que se tramita a instancia da **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO LOS CASTA3OS**, con domicilio a efectos de notificaci3n na Avda. Bouza Martin. N^o 42, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorizaci3n para a realizaci3n de obras de **"Reparaci3n de fachada en edificio de vivendas"**, no lugar do seu domicilio, na parroquia de Barrantes, Ref. Catastral: 9055921NH1095N.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Diego Lucio Barral, no que consta que: **"1. Obras solicitadas e documentaci3n adxunta.**

Pres3ntase comunicaci3n previa de obras para reparaci3n de fachada de edificio de vivendas situado en Avenida Bouza Mart3n, 42, Barrantes.

Con data 20/10/2017, pres3ntase a seguinte documentaci3n:

- *Estudo t3cnico para reparaci3n de fachadas de edificio de vivendas, firmado polo arquitecto t3cnico Alberto Chor3n Falc3n, con n^o de Colexiado 521 polo C.O.A.A.T.I.E. de Pontevedra, sen visar, incl3ndo a seguinte documentaci3n:*

- *Memoria descriptiva.*
 - *Memoria construtiva.*
 - *Xestión de residuos.*
 - *Prego de condicións.*
 - *Medicións e presuposto.*
 - *Estudo Básico de Seguridade e Saúde.*
 - *Planos e detalles.*
- *Oficio de dirección de execución das obras por parte do arquitecto técnico Alberto Chorén Falcón.*
 - *Xustificante de ingreso do ICIO, correspondente ao 2% do importe de execución material das obras (PEM: 13.908,00 €), por importe de 278,16 €.*
 - *Copia de autorización por parte da Deputación de Pontevedra por ocupación da vía pública para a realización dos traballos na estrada EP-9305 (Expediente 2017003059), con data 02/10/2017.*

Con data 14/11/2017, preséntase a seguinte documentación:

- *Anexo de memoria e planos corrixidos.*
- *Xustificante de ingreso da taxa de ocupación de vía pública por importe de 16,50 €.*

Non se aporta licenza de construción da edificación; non obstante, revisados os datos no arquivo municipal, a edificación foi construída no ano 2003, e non consta ningún expediente de infracción urbanística.

2. Situación urbanística.

A parcela na que se pretenden levar a cabo as obras solicitadas está calificada segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP do 11 de abril do mesmo ano, así como na Modificación Puntual nº2 do citado PXOM, aprobada definitivamente o 17 de xullo de 2013, como SOLO URBANO, ORDENANZA 2: RESIDENCIAL INTENSIVA EN GRADO 1 (SU-2.1).

En virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e no indicado no apartado 2 da disposición transitoria primeira "Réxime de aplicación aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento", que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación á mesa, conforme as seguinte regras: [.../...]

- a) *Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.a) da presente lei, aplicaráselle o disposto na mesma para o solo urbano consolidado.*

A ordenanza reguladora dese tipo de solo ven recollida no PXOM no Capítulo III do Título VII: Normas particulares do Solo Urbano, artigos 149 ao 155.

As obras a realizar son as seguintes: reparacións da fachada principal de pedra, fachada posterior e medianeira, cunha primeira fase de limpeza con auga a presión, seguida de revisión e tratamento dos revestimentos, aplicación de imprimacións, revestimento acrílico elástico e líquidos hidrófugos.

Que as obras que pretende levar a cabo na edificación ó abeiro do PXOM, no establecido no Artigo 284.- "Licencia de Obra Menor. 1.- Constitúen licencias de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico".

*Que as obras que se pretenden realizar poden considerarse de mantemento e conservación, e polo tanto son compatibles coa calificación do solo e ordenanza correspondente, sempre e cando se executen conforme ó solicitado, **non podendo aumentar volume ou superficie edificada, facer modificacións na pendente da cuberta ou cambio na estrutura.***

O proxecto xustifica o cumprimento do establecido na lexislación vixente nas seguintes materias:

- *O proxecto xustifica no estudo básico as medidas que deberá adoptarse en materia de Seguridade e Saúde segundo disposto no RD. 1627/1.997 de 24 de outubro e disposicións posteriores.*
- *RD 105/2008 polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición.*

3. Conclusións.

*Polo exposto emítese **INFORME FAVORABLE** para a concesión do título habilitante solicitado.*

Que segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, do 9 de febreiro, o título habilitante caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses dende a súa concesión e non se rematan antes de 3 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a 6 meses".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda: 1º.- Conceder licenza urbanística á **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO LOS CASTAÑOS**, con domicilio a efectos de notificación na Avda. Bouza Martin. Nº 42, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de **"Reparación de fachada en edificio de vivendas"**, no lugar do seu domicilio, na parroquia de Barrantes e de acordo co informe do Arquitecto.

Expdt. 107/17.-Visto o expediente que se tramita a instancia da **D. JOSÉ ANTONIO BARRAL FONTÁN**, con domicilio a efectos de notificación na Iglesia, nº 3, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras de **"Peche de finca con postes e malla"**, no lugar de carretera A Igrexa, nº 3, na parroquia de Barrantes, finca nº 831 da ZCP de Barrantes, Ref. Catastral: 9055624NH1095S0001ZK.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Diego Lucio Barral, no que consta que:

"1. Obras solicitadas e documentación adxunta.

Preséntase comunicación previa de obras de peche de finca con postes e malla no lindeiro Oeste da mesma, de 1,5 metros de altura e nunha lonxitude de 58 metros, no lugar de residencia do solicitante (Crt. A Iglesia, 3, Barrantes). A referencia catastral da finca é 9055624NH1095S0001ZK.

Apórtase autorización por parte da Deputación de Pontevedra (expediente número 2017003736) por atoparse dentro da zona de afección da estrada EP-9505, competencia do citado organismo.

Así mesmo, achégase xustificante de ingreso do ICIO, correspondente ao 2% do importe de execución material das obras (PEM: 1.740 €), por importe de 34,80 €.

2. Situación urbanística.

A parcela na que se pretenden levar a cabo as obras solicitadas está calificada segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP do 11 de abril do mesmo ano, como "SOLO de NÚCLEO RURAL (SNR)".

En virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e no indicado no apartado 2 da disposición transitoria primeira "Régime de aplicación aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento", que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación á mesa, conforme as seguinte regras: [.../...]

c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire

ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.

A ordenanza reguladora dese tipo de solo ven recollida no PXOM no Capítulo II do Título VIII: Normas particulares do Solo de Núcleo Rural, artigos 185 ao 192.

Será de aplicación o establecido no artigo 190.5.2 do PXOM referente a Condicións de posición. **Neste caso, o peche non terá que retranquearse, xa que non da fronte co camiño. Así mesmo, na esquina da fronte da parcela deberá gardar unha separación mínima de 5 metros respecto do eixo da vía.**

En relación ás características tipolóxicas dos peches, segundo establece o artigo 477.- Pechamentos, no citado PXOM:

3.- Nas parcelas con edificación aillada, o peche dos seus lindes resolverase con elementos cegos dun metro de altura máxima, completados no seu caso con proteccións diáfanas acordes estéticamente co lugar, pantallas vexetais ou solucións similares, ata unha altura máxima de 2,50m, ou con pechamentos de estética conforme co lugar, en mampostería ordinaria que non superen unha altura de 2 m. Os lindeiros laterais e testeiros entre distintas parcelas con edificación aillada poderán pechase con proteccións diáfanas e pantallas vexetais ata unha altura máxima de 2m.

Polo tanto, o peche proposto de postes e malla pode considerarse como peche con proteccións diáfanas, e a altura que se solicita de 1,5 metros cumpre as condicións establecidas ao non acadar a altura máxima permitida nos laterais da finca.

Que as obras que pretende levar a cabo na edificación ó abeiro do PXOM, no establecido no Artigo 284.- "Licencia de Obra Menor. 1.- Constitúen licencias de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico".

Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a normativa (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudo básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.

3. Conclusións.

Polo exposto emítese **INFORME FAVORABLE** para a concesión do título habilitante solicitado.

Que segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, do 9 de febreiro, o título habilitante caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses dende a súa concesión e non se rematan antes de 3 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a 6 meses”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda: 1º.- Conceder licenza urbanística á **D. JOSÉ ANTONIO BARRAL FONTÁN**, con domicilio a efectos de notificación na Iglesia, nº 3, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de **“Peche de finca con postes e malla”**, no lugar de carretera A Igrexa, nº 3, na parroquia de Barrantes, finca nº 831 da ZCP de Barrantes e de acordo co informe do Arquitecto.

Expdt. 108/17.-Visto o expediente que se tramita a instancia da **D. ROBERTO CORES ULLOA**, con domicilio a efectos de notificación na rúa As Cobas – carretera Carrasqueira, nº 1, na parroquia de Sisán, sita no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras de **“Construcción dun colombódromo”**, no lugar de Xanquiño, na parroquia de Sisán, parcela nº 10477 do polígono 502, Ref. Catastral: 36046G502104770000GP.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Diego Lucio Barral, no que consta que:

"1. DOCUMENTACIÓN ACHEGADA

A documentación presentada no expediente é a seguinte:

Con data 04/10/2017, preséntase a seguinte documentación:

- *Proxecto Básico e de Execución dun Colombódromo de pombas mensaxeiras, firmado por enxeñeiro de camiños, canais e portos Juan Barrallo Fernández (nº colexiado: 19265), sen visar.*

Con data 02/11/2017, preséntase a seguinte documentación:

- *Proxecto Básico e de Execución dun Colombódromo de pombas mensaxeiras Modificado, firmado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Juan Barrallo Fernández (nº colexiado: 19265), sen visar.*
- *Xustificante do ingreso do ICIO, correspondente ao 2% do importe de execución material das obras (PEM: 14.655,48 €), por importe de 293,10 €.*

Con data 05/12/2017, e como resposta a Requerimento para completar documentación (requerimento con rexistro de saída: 1419), achégase a seguinte documentación:

- *Proxecto Básico e de Execución dun Colombódromo de pombas mensaxeiras Modificado, firmado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Juan Barrallo Fernández (nº colexiado: 19265), visado polo Colegio de Ingenieros de Caminos, Canales y Puertos de Castilla y León, con data 29/11/2017.*

- *Oficio de dirección de obra do enxeñeiro de camiños, canais e portos Juan Barrallo Fernández (nº Colexiado: 19265).*
- *Oficio de coordinador de seguridade e saúde do enxeñeiro de camiños, canais e portos Juan Barrallo Fernández (nº Colexiado: 19265).*
- *Copia do DNI do solicitante.*
- *Copia de informe da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia con autorización para as obras solicitadas (Ref: 2665/2017).*
- *Compromiso por parte do solicitante a garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, abastecemento de auga, evacuación e tratamento de augas, suministro de enerxía eléctrica, recollida, tratamento e eliminación e depuración de residuos, no seu caso, a previsión de aparcamentos suficientes, así coma correxir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes, sendo asumidas estas solucións a cargo exclusivo do promotor da actividade.*
- *Escrito de cesión de terreo para viario por parte do solicitante.*

2. SITUACIÓN URBANÍSTICA

A parcela na que se pretende levar a cabo a construción está calificada no P.X.O.M. como SOLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN AGROPECUARIA (SR-P7).

A entrada en vigor da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro e o indicado no apartado 2.d) da súa disposición transitoria primeira, dispón que nos Concellos que, como é o caso de Ribadumia, non contén co Planeamento adaptado a esta Lei nin a Lei 9/2002, "Ó solo incluído no ámbito do Solo Rústico,..., aplicaráselle o disposto na Lei", a cal regula este tipo de Solo en la Sección 4ª, artigos 31 ao 40.

*O **Artigo 35** regula os Usos e actividades en SR enunciando no apartado h) como admisibles as construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandaría extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas.*

A instalación dun colombódromo para pombas encaixa na definición de construcións permitidas no apartado h).

*O **Artigo 39**, para obter o título habilitante municipal, esixe a xustificación dos extremos seguintes:*

- a) *Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como correxir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.*

O proxecto xustifica a dotación e conexión aos seguintes servizos:

- **Abastecemento de auga: debido á natureza da explotación, non se require.**
 - **Evacuación de augas: debido á natureza da explotación, non se require.**
 - **Conexión a rede eléctrica: non se prevé.**
 - **Recollida, tratamento, eliminación e depuración de residuos xerados na explotación.**
- b) *Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.*
- c) *As condicións da edificación, características tipolóxicas, estéticas, construtivas, materiais, cores e acabados serán acordes á paisaxe rural e o volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes con unha altura máxima de cornixa de 7 metros.*

A edificación é de unha sola planta, cunha altura de 3,79 metros, inferior á máxima autorizada.

- d) *Cumprir as condicións de posición e implantación nunha parcela mínima de 2.000 m², así como as condicións de ocupación máxima da edificación en planta, non podendo exceder dun 20 % da superficie do predio. Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.*

O proxecto cumpre coas condicións de parcela mínima (superficie de parcela: 7.304 m²), porcentaxe de ocupación da mesma (ocupación do 0,82%) e retranqueos a lindeiros (o retranqueo mínimo a lindeiros é de 7,86 m).

Establécese unha cesión de 139,00 m².

- e) *Farase constar no Rexistro da Propiedade a vinculación da superficie esixible á construción e usos autorizados, **expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas polo título habilitante municipal.***

3. CONCLUSIONES

*Polo exposto, emítase **INFORME FAVORABLE** para a concesión do título habilitante.*

Que segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, do 9 de febreiro, o título habilitante caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses dende a súa concesión e non se rematan antes de 3 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a 6 meses”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda: 1º.- Conceder licenza urbanística á **D. ROBERTO CORES ULLOA**, con domicilio a efectos de notificación na rúa As Cobas – carretera Carrasqueira, nº 1, na parroquia de Sisán, para levar a cabo as obras de "**Construcción dun colombódromo**", no lugar de Xanquiño, na parroquia de Sisán, parcela nº 10477 do polígono 502 e de acordo co informe do Arquitecto.

Expdt. 109/17.-Visto o expediente que se tramita a instancia da **D. FRANCISCO MARTINEZ OLIVEIRA**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Gándara, nº 18, na parroquia de Ribadumia, sita no Concello de Ribadumia, polo que solicita licenza para a realización de obras de "**Acondicionamento de leira**", sita na parcela nº 1273, do polígono 17 de ZCP de Lois Montes de Ribadumia.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Jesús M. Diéguez Pazos, no que consta que:

"1.Obras solicitadas


Acondicionamento da leira nº 1273 da C.P. de Lois-Montes de Ribadumia, con unha superficie de 7.275.00 m², para recuperar as condicións iniciais da mesma e mellorar a súa capacidade produtiva.

As obras de regularización da leira realízanse sobre a parcela orixinal do solicitante, polo que non se precisa a conformidade dos propietarios anteriores dunha parte da leira.

Achega xustificante de ingreso das taxas do ICIO, correspondentes o 2% do importe de execución material das obras que ascende á cifra de 9.889.13 euros.

De igual forma adxunta Resolución do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Consellería do Medio Rural, autorizando as obras (Ref. 201702198, 201702873)

PLANO DE BASES DA C.P.,



2. Situación urbanística

A parcela sinalada está clasificada segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, como **SOLO RUSTICO DE PROTECCION FORESTAL (SRP-7)**.

A entrada en vigor da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro na súa disposición transitoria primeira, dispón que nos Concellos que, como é o caso de Ribadumia, non conten co Planeamento adaptado a ésta Lei nin a Lei 9/2002, "**Ó solo incluído nos ámbitos do Solo Rústico aplicaráselle integramente o disposto na lei para o Solo Rústico**". No caso que nos ocupa quedará sometido ao réxime do artigo 34.2.a) da Lei e aos usos e actividades previstas nos artigos 35 ao 39 da mesma. O artigo 35.1.a) admite o uso e actividade solicitadas (accións sobre o solo que impliquen movementos de terra).

3. Características das obras

As obras que se proxectan sobre a leira propoñen levantar o nivel da leira nunha superficie de 4.088 m², o que supón o 56% da leira, chegando a un volumn de 6.637.00 m³ de material de recheo e sen superar os tres metros de altura

O material a empregar son materiais procedentes de corte e serradura de pedra, tipificados na lista Europea de Residuos co código 010413 (Residuos de corte e serradura de pedra distintos dos mencionados no código 010407).

Polo exposto emítese **INFORME FAVORABLE** para a concesión dá licenza solicitada.

Que segundo a artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de Febreiro, do Solo de Galicia, a licenza caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos seis meses dá súa concesión e se non rematan antes de tres anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a seis meses".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda: 1º.- Conceder licenza urbanística á **D. FRANCISCO MARTINEZ OLIVEIRA**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Gándara, nº 18, na parroquia de Ribadumia, para levar a cabo as obras de "**Acondicionamento de leira**", sita na parcela nº 1273, do polígono 17 de ZCP de Lois Montes de Ribadumia e de acordo co informe do Arquitecto.

Expdt. 110/17.-Visto o expediente que se tramita a instancia de D. Luis Alfonso Galáns, en representación de **CONSERVAS DE CAMBADOS**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de O Porto, s/n, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras de "**Impermeabilización de 2.596 m² de tellado e instalación de 28 paneis translúcidos**", no lugar de O Porto, s/n, na parroquia de Barrantes; Ref. Catastrais. 36046B501050450001MH e 36046B501050450000XG.

Visto o informe emitido Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte: *"A parcela na que se pretende levar a cabo as obras solicitadas está calificada como **SOLO RÚSTICO COMÚN (SRC)**, polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP núm. 72 do 11 de abril de 2001. aínda que en virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do indicado no apartado 2 da disposición "transitoria primeira Réxime de aplicación os municipios con planeamento non adaptado e os municipios sen planeamento" que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordeación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a mesma, conforme as seguintes regras: [.../....] d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico. / E segundo o artigo 33. Solo rústico de protección ordinaria. / 1. O planeamento clasificará como solo rústico de protección ordinaria os seguintes terreos: a) Os que non resulten susceptibles de transformación urbanística pola perigosidade para a seguridade das persoas e os bens, motivada pola existencia de riscos de calquera índole. b) Aqueles que o planeamento considere innecesarios ou inapropiados para a súa transformación urbanística. / 2. O plan xeral de ordenación municipal poderá excluír desta clase de solo, xustificadamente, aqueles ámbitos que resulten necesarios para o desenvolvemento urbanístico racional. [.../....]// O **SÓLO RÚSTICO COMÚN** se corresponde en principio co **SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA**./ [.../....] d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico. E segundo o artigo 33. Solo rústico de protección ordinaria. / 1. O planeamento clasificará como solo rústico de protección ordinaria os seguintes terreos: a) Os que non resulten susceptibles de transformación urbanística pola perigosidade*

para a seguridade das persoas e os bens, motivada pola existencia de riscos de calquera índole. b) Aqueles que o planeamento considere innecesarios ou inapropiados para a súa transformación urbanística. / 2. O plan xeral de ordenación municipal poderá excluír desta clase de solo, xustificadamente, aqueles ámbitos que resulten necesarios para o desenvolvemento urbanístico racional. [.../....] // En aplicación da DT.1ª.2 da LS, ao solo rústico do planeamento non adaptado á lei 972.002, aplicaráselle o establecido na presente lei para o solo rústico, sen indicarse o mantemento da vixencia das categorías de solo contempladas no planeamento respectivo. Polo tanto, os artigos 34.2.a) da lei e 49.2.a) do regulamento sobre a clasificación do solo como rústico de especial protección agropecuaria para aqueles terreos que fosen obxecto de concentración parcelaria con resolución firme, é de aplicación directa neste plan. // A parcela e a 723 do pólígono 05, da Zona de concentración Parcelaria de Ribadumia II, e por tanto a clasificación se corresponde co **SOLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN AGROPECUARIA (SR-P7)**. [.../....].

Se pretende executar as seguintes obras, dentro da súa propiedade:

EDIFICACIÓN EXISTENTE

Non aporta licenza de construción da edificación, non obstante no catastro consta que foi construída no ano 1.982. Nos arquivos do concello non consta a nome do titular e sobre a finca, expediente de infracción urbanística.

OBRAS SOLICITADAS

Que as obras solicitadas consisten na impermeabilización de 2.596 m2 de tellado e a instalación de 28 paneis traslucidos.

NORMATIVA APLICABLE

O artigo 135.1.c) e o 135.2 da lei 2/2016 do solo de Galicia, establecen os Deberes de uso, conservación e rehabilitación.

Tratariase de obras de mantemento e conservación da edificación.

Respecto o artigo 39.c) da lei 2/2016 nos indica que "as condicións da edificación.

c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:

- As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes co paisaxe rural e as construcións do entorno, sin perxicio de outras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

Os materiais e as cores do proxecto son acordes coa paisaxe da zona.

- O volume máximo da edificación será similar o das edificacións tradicionais existentes, salvo cando resulte imprescindible superalo por exigencias do uso ou actividade. En todo caso, haberán de adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relieve natural dos terreos.

Non existe incremento de volúmen.

- Os Peches de fábrica no poderán exceder de 1,5 metros de altura, debendo adaptarse o medio no que se ubiquen.

Non se proxectan peches.

- *A altura máxima das edificacións no poderá exceder de dúas plantas nin de 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, dende a rasante natural do terreo o arranque inferior da vertiente da cuberta.
Excepcionalmente, poderá excederse dicha altura cuando las características específicas de la actividad, debidamente justificadas, lo hicieran imprescindible.*

Non se altera a altura das edificacións.

Que as obras que pretende levar a cabo na edificación ó abeiro do PXOM, no establecido no Artigo 284.- "Licencia de Obra Menor. 1.- Constitúen licencias de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico".

*Que as obras que se pretenden realizar poden considerarse de mantemento e conservación, e polo tanto son compatibles coa calificación do solo e ordenanza correspondente, sempre e cando se executen conforme ó solicitado, **non podendo aumentar volume ou superficie edificada, facer modificacións na pendente da cuberta ou cambios na estrutura.***

DOCUMENTACIÓN APORTADA

Comunicación previa das obras

Estudio técnico ou descripción técnica das obras e un estudo básico de seguridade e saúde asinado por técnico competente (Art. 146.1.a, da lei 2/2016 do solo de Galicia) redactado polo arquitecto técnico D. Eladio Riveiro García, colexiado PR648 do Colexio Oficial de Aparelladores, arquitectos Técnicos e Enxeñeiros de Edificación de Pontevedra.

Aporta xustificante de ingreso das taxas do ICIO, correspondentes o 2% do importe de execución material das obras.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS

Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade y saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudio básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.

Aporta oficio co nomeamento como coordinador de proxecto e da execución das obras o arquitecto técnico D. Eladio Riveiro García, colexiado PR648 do Colexio Oficial de Aparelladores, arquitectos Técnicos e Enxeñeiros de Edificación de Pontevedra.

*Que se emite **INFORME FAVORABLE** para a concesión da comunicación previa solicitada.*

*Que segundo a artigo 78. 2 e 78. 4 do PXOM **a comunicación previa caducará** se non se comezan as obras antes de transcorridos **6 meses** da súa concesión e se non rematan antes de **2 anos**. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a tres meses.*

A lei do solo establece no Artigo 145. Caducidade das comunicación previa

1. No acto de outorgamento da comunicación previa de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da comunicación previa, logo da solicitude expresa, sempre que a comunicación previa sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

3. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

4. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda: 1º.- Conceder licenza urbanística á **CONSERVAS DE CAMBADOS**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de O Porto, s/n, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras para a **“Impermeabilización de 2.596 m² de tellado e instalación de 28 paneis translúcidos”**, no lugar de O Porto, s/n, na parroquia de Barrantes e de acordo co informe do Técnico Municipal.

Expdt. 111/17.-Visto o expediente que se tramita a instancia de **DNA. DORA PINTOS RODRIGUEZ**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Campo da Vila, nº 21, na parroquia de Oubiña, sita no Concello de Cambados, polo que solicita autorización para a realización de obras de **“Acondicionamento de terreo para plantación de viñedo”**, no lugar de Puxafeita, s/n, na parcela 1884 do polígono 23 da ZCP de Lois Montes de Ribadumia; que se corresponden en parte coas Refs. Catastrais. 36046A017001430000YP e 36046A017001440000YL.

Visto o informe emitido Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte *“Que a parcela na que se pretende levar a cabo a construción está calificada como **SOLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN AGROPECUARIA (SR-P7)**, polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP núm. 72 do 11 de abril de 2001. aínda que en virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do indicado no apartado 2 da disposición “transitoria primeira Réxime de aplicación os municipios con planeamento non adaptado e os municipios sen planeamento” que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordeación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a mesma, conforme as seguintes regras: [.../....]*

d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico.

E segundo o artigo 34. Solo rústico de especial protección.

a) Solo rústico de protección agropecuaria, constituído polos terreos que fosen obxecto de concentración parcelaria con resolución firme e os terreos de alta produtividade agropecuaria que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que teña a competencia sectorial en materia agrícola ou gandeira.

[.../...]

Se aporta a seguinte documentación:

Documentación aportada o 31/10/17

- *Proxecto de acondicionamento de terreno para plantación de viñedo, asinado polo enxeñeiro Técnico agrícola D. Lucas Pouso Vidal, colexiado 1725 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de A Coruña-Pontevedra. No que se inclúe:*

- *Memoria:*
 - *Descritiva.*
 - *Urbanística.*
 - *Construtiva.*
- *Programa de execución das obras.*
- *Xestión de residuos.*
- *Pliego de condicións.*
- *Presuposto.*
- *Planos*
 - *Situación sobre o mapa topográfico nacional do IGN*
 - *Situación sobre o PXOM de Ribadumia*
 - *Situación sobre o catastro e ortofoto do PNOA*
 - *Situación inicial da finca.*
 - *Situación transformada.*
 - *Perfiis lonxitudinais.*

- *Estudio Básico de Seguridade e Saude*

- *Copia do título de propiedade (Atribucións da parcelaria) e autorización para plantar viñedo no predio 1884 do polígono 23 da ZCP Lois-Monte de Ribadumia (código expediente 0137OB_476_201600206)*

- *Autorizacións de Medio Rural para plantación de viñedos nas superficies de 0,0633 e 0,0645 ha. (expedites PV/36/2016/000010 e PV/36/2016/000020)*

- *Descritiva e gráfica catastral*

- *Ficha de explotación vitícola provincial.*

- *NIF do solicitante e titular.*

- *Xustificante de abono das taxas do ICIO, correspondentes o 2% do PEM.*

Documentación aportada o 29/11/17

- *Anexo I a proxecto con aclaracións a os apartados requeridos en notificación do 28/11/2017, relativos a sinalización*

en planos das zonas adicadas a plantación, a xustificación da libre circulación das augas, retranqueos, etc.

TRABALLOS A EXECUTAR

Se pretende o acondicionamento da finca coa execución dunha rampa de acceso e o extendido da terra acopiada na parte sur da finca como consecucencia a apertura da pista de concentración parcelaria, facilitandose así o establecemento dunha plantación de viñedo.

O uso do galpón queda vinculado os usos agrícolas procedentes da plantación de viñedo, caste "alabariño", nunha zona xa consolidada deste cultivo.

Segundo establece o artigo 35.a) Usos e actividades e solo rústico.

1. Os usos e as actividades admisibles en solo rústico serán os seguintes:

a) Accions sobre o solo ou o subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragados, defensa de ríos e rectificacións de cauces, abancalamientos, desmontes e recheos.

[.../...]

Neste artigo se inclúen as obras de explanación da fincas.

Artigo 36. Réxime de usos

1. Os usos e actividades relacionados no artigo anterior son admisibles en calquera categoría de solo rústico, sen prexuízo do disposto nos instrumentos de ordenación do territorio e, se é o caso, logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística.

2. En todo caso, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal ou da autorización autonómica nos casos en que esta sexa preceptiva segundo o disposto no número seguinte.

O solicitante aporta autorización da Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias da Consellería de Medio Rural para a plantación de viñedo e a de a ZCP de Lois-Monte de Ribadumia.

Subsección 4ª. Condicións de edificación

Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico

Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.

A parcela dispón de acceso rodado.

Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente

compromiso en tal sentido e achegando as garantías exixidas para o efecto pola Administración na forma que regulamentariamente se determine.

b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.

c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:

– As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

Non se proxectan edificacións

– O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

Non se proxectan edificacións

– Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen.

Non se proxectan peche.

– A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta.

Excepcionalmente, poderá excederse a dita altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, o fagan imprescindible.

Non se proxectan edificacións

d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:

[.../...]

– A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, agás para os usos regulados no artigo 35.1.m) e para a ampliación de cemiterios. Para estes efectos, non será admisible a adscrición doutras parcelas.

A superficie da parcela e de 2.346,69 m².

A superficie adicada a plantación de viñado e de 0,7083 ha.

[.../...]

– As condicións de abancalamento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

Non se proxectan bancales

– Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da

superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

O resto da finca se mantén no seu estado natural.

e) Farase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie exixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica.

[.../....]

Se deberá repetar a libre circulación das augas da choiva.

Que se emite **INFORME FAVORABLE** para a concesión da licenza solicitada debendo cumprir o establecido no informe.

Se condiciona a presente licenza a que aporte a seguinte documentación:

A concesión da licenza levará implícita a concesión do título habilitante municipal.

CADUCIDADE DA LICENZA

Que segundo a artigo 78. 2 e 78. 4 do PXOM **a licenza caducará** se non se comezan as obras antes de transcorridos **6 meses** da súa concesión e se non rematan antes de **2 anos**. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a tres meses.

A lei do solo establece no Artigo 145. Caducidade das licenzas

1. No acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

3. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

4. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda: 1º.- Conceder licenza urbanística á **DNA. DORA PINTOS RODRIGUEZ**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Campo da Vila, nº 21, na parroquia de Oubiña, sita no Concello de Cambados, para levar a cabo as obras para a "**Acondicionamento de terreo para plantación de viñedo**", no lugar de Puxafeita, s/n, na parcela 1884 do polígono 23 da ZCP de Lois Montes de Ribadumia e de acordo co informe do Técnico Municipal.

Expdt. 112/17.-Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. JORGE MUÑIZ CHANTRERO**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Salgueira, nº 47, na parroquia de Villalonga, sita no Concello de Sanxenxo, polo que solicita autorización para a "**Legalización dun muro de contención e obras para o seu remate en zona de policía do regato Pozo da Pedra**", no lugar de As Bouzas, na parroquia de Barrantes, no polígono 501, parcela catastral 153 denominada "Lavandeira"; Ref. Catastral. 36046F501001530000ZH.

Visto o informe emitido Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte

"SITUACIÓN URBANÍSTICA"

*Que a parcela na que se pretende levar a cabo a construción está calificada como **SOLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN AGROPECUARIA (SR-P7)**, polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP núm. 72 do 11 de abril de 2001. aínda que en virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do indicado no apartado 2 da disposición "transitoria primeira Réxime de aplicación os municipios con planeamento non adaptado e os municipios sen planeamento" que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordeación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a mesma, conforme as seguintes regras: [.../....]*

d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico.

E segundo o artigo 34. Solo rústico de especial protección.

a) Solo rústico de protección agropecuaria, constituído polos terreos que fosen obxecto de concentración parcelaria con resolución firme e os terreos de alta produtividade agropecuaria que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que teña a competencia sectorial en materia agrícola ou gandeira.

[.../....]

c) Solo rústico de protección das augas, constituído polos terreos situados fóra dos núcleos rurais e do solo urbano definidos como dominio público hidráulico na respectiva lexislación sectorial, as súas zonas de policía e as zonas de fluxo preferente.

[.../....]

DOCUMENTACIÓN APORTADA

- *Autorización para os obras ou traballos en zona de policía de Leitos, ante o organismo Augas de Galicia de fecha 05/10/2.017 expediente DH-W36.55242.*
- *Proxecto de legalización de muro de contención en zona de policía do "Rego do Pozo", asinado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola, D. Lucas Pouso Vidal, colexiado 1.725 con data Outubro de 2.016. Que inclúe:*

- Memoria constructiva dos traballos a executar, tratándose dun muro de contención, polo que tera a consideración de obra maior.
- Planos de planta e sección do muro.
- Certificado de solidez estrutural do muro asinado pola Enxeñeiro Técnico Agrícola, Dña. Tania López Araujo, colexiada 1.814 con data novembro de 2.017.
- Xustificante de abono das taxas do ICIO, correspondentes o 2% do PEM.
- Copia do título de propiedade.
- Cuaderno particional conforme a finca foi adxudicada o solicitante.
- Información catastral
- NIF do propietario

TRABALLOS A LEGALIZAR E PENDENTES DE EXECUTAR

Se levou a cabo a construción dun muro de contención de pedra de 18 m de lonxitude, cunha altura máxima e media de 1,64 de 1,35 m, fora do dominio público hidráulico (DPH), na parcela 153 do polígono 501 sen sobrepasar a altura da rasante natural do terreo de ambas marxes do regato, no lugar de As Bouzas, Barrantes, Ribadumia.

Quedan pendentes de remate pequenas partes do muro.

CONDICIÓNS ESTABLECIDAS POLA NORMATIVA

Segundo establece o artigo 35.a) Usos e actividades e solo rústico.

1. Os usos e as actividades admisibles en solo rústico serán os seguintes:

a) Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragaxes, defensa de ríos e rectificación de leitos, abancalamientos, desmontes e recheos.

b) Muros de contención, así como valado de predios.

[.../...]

Neste artigo se inclúen as obras de muros de contención

No Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico.

[.../...]

c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:

– As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

[.../...]

O material e pedra e por tanto harmoriza coa paisaxe.

Os traballos non alteran a topografía natural do terreo.

CONCLUSIÓNS

Que se emite **INFORME FAVORABLE** para a concesión da licenza solicitada debendo cumprir o establecido no informe e na autorización de Augas de Galicia.

Que segundo a artigo 78. 2 e 78. 4 do PXOM **a licenza caducará** se non se comezan as obras antes de transcorridos **6 meses** da súa concesión e se non rematan

antes de **2 anos**. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a tres meses.

A lei do solo establece no Artigo 145. Caducidade das licenzas

1. No acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

3. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

4. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda: 1º.- Conceder licenza urbanística á **D. JORGE MUÑIZ CHANTRERO**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Salgueira, nº 47, na parroquia de Villalonga, sita no Concello de Sanxenxo, para levar a cabo a **“Legalización dun muro de contención e obras para o seu remate en zona de policía do regato Pozo da Pedra”**, no lugar de As Bouzas, na parroquia de Barrantes e de acordo co informe do Técnico Municipal.

Expdt. 113/17.-Visto o expediente que se tramita a instancia de **DNA. MARIA MÓNICA PAZ OTERO**, con domicilio a efectos de notificación na Avda. de Ribadumia, nº 14, na parroquia de Ribadumia, sita no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización das obras de **“Construción de 76 ml de muro de pedra ata 1,00 m de altura e postes e arame ata 2,50 m e reparación de 45 m de malla metálica”**, na finca sita no lugar do seu domicilio, na parroquia de Ribadumia; Refs. Catastrais. 9461110NH1096S0001MS, 9461111NH1096S0001OS e 9461112NH1096S0001KS.

Visto o informe emitido Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte *“Que a parcela onde se pretenden levar a cabo as obras, están clasificada como **SOLO URBANO – ORDENANZA 1 RESIDENCIAL INTENSIVA** polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP núm. 72 do 11 de abril de 2001. Polo tanto deberá cumprir coas seguintes normativa.*

A ordenanza reguladora dese tipo de solo ven recollida no Capítulo III do Título VII de dito PXOM, artigos 143 ó 148, aínda que en virtude da entrada en vigor da Lei

2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do indicado no apartado 2 da disposición "transitoria primeira Réxime de aplicación os municipios con planeamento non adaptado e os municipios sen planeamento" que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordeación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a mesma, conforme as seguintes regras: [.../....]

c) O sólo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións do solo non urbanizable de núcleo rural, en súas áreas de influencia ou tolerancia, se lle aplicará íntegramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire as edificacións tradicionais existentes, as cales será de aplicación o previsto no artigo 40 desta lei. a) Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.a) desta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado.

Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.b) desta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano non consolidado. [.../....]

EDIFICACIÓN EXISTENTE

A edificación atópase construída dende o ano 1986, tal e como se desprende da gráfica descritiva do catastro e no concello non costan denuncias, nin expedientes de reposición da legalidade contra a mesma.

OBRAS SOLICITADAS

Se pretende a construción dun muro de peche lo lindeiro norte da finca con ref. catastral 9461110NH1096S0001MS, coas seguintes características:

- Construción de 76 ml de muro de pedra ata 1,00 m de altura e postes e arame ata 2,50 m.
- Reparación de 45 m de malla metálica

NORMATIVA

Segundo establece o PXOM no Artigo 477.- Pechamentos. "1.- Os solares ou calquera outro terreo que indique o Concello mediante resolución motivada deberán cercarse con pechamento permanente de altura mínima de 1,80m e máxima de 3,00m, sitos na aliñación da edificación e fabricado con materiais que garantan a súa estabilidade e conservación, podendo establecerse, por parte do Concello, condicións particulares en cada caso. Non se permite a utilización da fábrica de vidro sen tratamento. 2.- As parcelas con edificación entre medianerías e retranqueada poderán pecharse con valos de altura máxima de 2,50m. **3.- Nas parcelas con edificación aillada, o peche dos seus lindes resolverase con elementos cegos dun metro de altura máxima, completados no seu caso con proteccións diáfanas acordes estéticamente co lugar, pantallas vexetais ou solucións similares, ata unha altura máxima de 2,50m, ou con pechamentos de estética conforme co lugar, en mampostería ordinaria que non superen unha altura de 2 m.** Os lindes laterais e testeiros entre distintas parcelas con edificación illada poderán pecharse con proteccións diáfanas e pantallas vexetais ata unha altura máxima de 2m. 4.- Exceptúanse aqueles edificios aillados que, en razón do seu destino, requiran especiais medidas de seguridade, en tal caso o pechamento axustarase ás súas necesidades. 5.- Non se permitirá en ningún caso o remate de pechamento con

elementos que poidan causar lesións a persoas ou animais. 6.- Non se permite a utilización de fábricas vistas de ladrillo, debendo tratarse con revocaduras ou tratamentos similares.”

En canto a altura do muro de peche, se estará o mais restrictivo que e a altura máxima que o que En canto a altura máxima do muro de peche, para unha parcela sen edificar, ésta non podrá sobrepasar os 2,50 m especificados como máximo nas Normas complementarias e Subsidiarias de planeamento provincial no artigo 17. d)., por ser a mais restrictiva.

O muro solicitado e de estética conforme co lugar e as alturas se axustan o establecido na ordenanza.

En relación co establecido no artigo 190.5.2 do PXOM referente a Condicións de posición:

Non se establecen limitacións por atoparse en zona urbana e cumpre as aliñacións establecidas no PXOM.

Respecto o artigo 24.7.a) da lei 2/2016 nos indica que "as características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e as construcións tradicionais do asentamento, sen perxuízo de outras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.”

Os materiais empregados terán cores acordes cos do entorno para harmonizar coa paisaxe.

Que as obras que pretende levar a cabo na edificación ó abeiro do PXOM, no establecido no Artigo 284.- "Licencia de Obra Menor. 1.- Constitúen licencias de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico”.

Os muros de peche se consideran obras menores

AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS E OUTROS

Aporta autorización emitida polo Servizo de Mobilidade da Deputación Provincial (**Expediente: 2017003726**), por atoparse dentro da zona de afección da estrada EP 9305, debendo cumprir o que nela se estableza.

Aporta xustificante de ingreso das taxas do ICIO, correspondentes o 2% do importe de execución material das obras.

Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade y saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudio básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.

Que se emite **INFORME FAVORABLE** para a concesión da comunicación previa solicitada.

Que segundo a artigo 78. 2 e 78. 4 do PXOM **a comunicación previa caducará** se non se comezan as obras antes de transcorridos **6 meses** da súa concesión e se non rematan antes de **2 anos**. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a tres meses.

A lei do solo establece no Artigo 145. Caducidade das comunicación previas

- 1. No acto de outorgamento da comunicación previa de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.*
- 2. Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.*
- 3. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da comunicación previa, logo da solicitude expresa, sempre que a comunicación previa sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.*
- 4. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.*
- 5. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda: 1º.- Conceder licenza urbanística á **DNA. MARIA MÓNICA PAZ OTERO**, con domicilio a efectos de notificación na Avda. de Ribadumia, nº 14, na parroquia de Ribadumia, sita no Concello de Ribadumia, para levar a cabo a **“Construción de 76 ml de muro de pedra ata 1,00 m de altura e postes e arame ata 2,50 m e reparación de 45 m de malla metálica”**, na finca sita no lugar do seu domicilio, na parroquia de Ribadumia e de acordo co informe do Técnico Municipal.

2º.2.- AUTORIZACIÓNS DE FUNCIONAMENTO E APERTURA.- Sométese á consideración da Xunta de Goberno os escritos de comunicación previa de actividade que se relacionan a continuación, concedéndose autorización de actividade e apertura, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

2º.2.1- AUTORIZACIÓNS DE FUNCIONAMENTO E APERTURA.-

Expdt. AC16/17.- Dase conta da comunicación previa que se presenta a instancia de **DNA. EVA LEDE REBOREDO**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Leiromeán, nº 6, na parroquia de Leiro, sita no Concello de Ribadumia, pola que comunica o inicio de actividade de **“ESCOLA DE DANZA” co nome de “chasse”**, no lugar de Leiromeán, nº 6, na parroquia de Leiro, no concello de Ribadumia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres, asistentes acorda: 1º.- Darse por enterada do escrito presentado por **DNA. EVA LEDE REBOREDO**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Leiromeán, nº 6, na parroquia de Leiro, polo que presenta comunicación previa de actividade de **“ESCOLA DE DANZA” co nome de “Chasse”**, no lugar de Leiromeán, nº 6, na parroquia de Leiro, autorizando a

actividade, de acordo coa acta de comprobación e inspección técnica emitida polo Arquitecto.

3º.- ADHESIÓN AO PLAN COMPOST REVITALIZA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

Visto o protocolo de actuación relativo ao Plan Compost Revitaliza da Deputación de Pontevedra (B.O.P. Nº199 de data 18/10/2016) e segundo o establecido no artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a Xunta de Goberno, acorda:

Primeiro. A adhesión ao Plan Compost Revitaliza da institución provincial nos termos expresados no protocolo de actuación adxunto, co compromiso de cumprir e facer cumprir as obrigas municipais derivadas del.

Segundo. Designar, para todos os efectos, como representante legal do Concello no Plan Compost Revitaliza a D. José Ramón González Ledo, Concelleiro de Medio ambiente, parques e vías, do Concello de Ribadumia.

Terceiro. Trasladarlle este acordo de adhesión ao Servizo de Asistencia Intermunicipal do organismo provincial para os efectos oportunos.

4º.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A CONSOLIDAIÓN DO PLAN COMPOST REVITALIZA.

Dase conta da convocatoria de subvencións por parte da Deputación de Pontevedra, para a consolidación do Plan Compost (B.O.P. Nº 232 de data 04/12/2017) en concreto da liña 1, para a asistencia técnica da redacción dos plans municipais de recollida e tratamento de residuos domiciliarios que respondan aos criterios do Plan Compost revitaliza por persoal técnico da Deputación de Pontevedra, coa colaboración municipal, achegando toda a información ou documentación precisa para a súa elaboración, e excepcionalmente, a asistencia para o deseño técnico e planos acotados das posibles PCC.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda:

Aprobar a solicitude de axuda, ao abeiro da liña1 do plan de consolidación plan compost revitaliza.

5º.- INFORME DO DEPARTAMENTO DE SERVICIOS SOCIAIS SOBRE TARXETA DE ESTACIONAMENTO CON DISCAPACIDADE.-

Dase conta do Informe emitido pola Traballadora Social dos Servicios Sociais Comunitarios de data 17 de novembro de 2017, no que informa que "D. Fernando Chaves Santamaria con D.N.I. 35.381.873-F e con domicilio en Rúa Rial, 1 – Besomaño - Ribadumia ten dereito a tarxeta de estacionamento con discapacidade en base ao informe emitido polo equipo de valoración de discapacidade, onde se aprecia a dificultade de mobilidade para utilizar transportes colectivos do solicitante de forma definitiva.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. Asistentes, acorda: Aprobar a tarxeta de estacionamento con discapacidade proposta pola Traballadora Social.

6º.- ESCRITO PRESENTADO POLO PROMOTOR DO IV TROFEO DE BAILE DEPORTIVO RIBADUMIA-BTROULA E CAMPIONATO GALEGO DE 10 BAILES 2017.-

Dase conta do escrito presentado por D. Breogán Pérez Vazquez, en calidade de promotor do IV Trofeo de Baile Deportivo Ribadumia- BTROULA e do Campionato galego de 10 bailes 2017, celebrados en Ribadumia o 30 de abril, no que se solicita unha axuda económica para sufragar os gastos pendentes da celebración.

Vista documentación xustificativa de gastos aportada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda: 1º.- Conceder ao Club de baile BTROULA unha axuda económica por importe de 600,00€, para sufragar os gastos ocasionados.-

7º.- RECLAMACIÓN DE INDEMNIZACIÓN.-

7º.1.- RECLAMACIÓN DE INDEMNIZACIÓN DE D. HIGINIO FONTAN SEREN.

Dáse conta do escrito presentado por D. Higinio Fontán Seren, no cal se solicita reclamación de indemnización por un valor de 178,63€ polos danos causados no seu vehículo Seat Toledo, con matrícula 5058-CFY, cando estando aparcado recibiu un

impacto de un contedor de lixo situado na beiravía que se moveu debido a situación meteorolóxica adversa do día 22 de novembro, cando facía moito vento.

A vista de todo a alegado polo solicitante, a Xunta de Goberno Local, acorda:
1º.- Indemnizar a Higinio Fontán Serén, polos danos producidos no seu vehículo Seat , modelo Toledo, con matrícula 5058-CFY, e que ascenderon a unha cuantía de 178,63€.

7º.2.- RECLAMACIÓN DE INDEMNIZACIÓN DE D. RAMÓN CHARO PAZ.-

Dáse conta do escrito presentado por D. Ramón Charo Paz, no cal se solicita reclamación de indemnización por un valor de 313,57€ polos danos causados no seu vehículo Renault, modelo Laguna, con matrícula 4968-GCX, cando estando circulando por Barrantes sufriu un impacto cunha tapa de sumidoiro que se moveu a consecuencia das intensas choivas.

A vista de todo a alegado polo solicitante, a Xunta de Goberno Local, acorda:
1º.- Indemnizar a Ramón Charo Paz, polos danos producidos no seu vehículo Renault, modelo Laguna, con matrícula 4968-GCX, e que ascenderon a unha cuantía de 313,57€.

8º.-XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS ECONÓMICAS PARA FESTAS PARROQUIAIS.-

Vistas as xustificacións das axudas económicas concedidas para festas parroquiais para o ano 2017 por parte do Concello de Ribadumia, concedidas pola Xunta de Goberno de 10 de agosto de 2017, e examinada a documentación presentada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. Asistentes acorda:

1º.- Ordear o pagos das axudas que se indican a continuación e polo importe que así mesmo se reseña:

<u>ENTIDADE</u>	<u>IMPORTE</u>
Asociación Plantel	440,25€
Asociación cultural Comisión Festas de Sisán	1.666,67€
Asociación Cultural Festas de Sisán – New Rock	500,00€

2º.- Prestar aprobación axudas económicas concedidas para festas parroquiais.-

9º- XUSTIFICACIÓN DE AXUDAS CONCEDIDAS A ENTIDADES E CLUBS.-

Dase conta de que tense presentado, polas entidades que se indican, xustificación das actividades realizadas no presente exercicio, para as que se lles concedeu axuda por acordo adoptado polo Pleno Municipal en sesión de 29 de maio de 2017.

Vista a documentación presentada relativa á conta xustificativa de tódolos gastos realizados con cargo ás actividades para as que solicitaron axuda, declaración doutras axudas, declaración de que a axuda destinouse ós fins para o que se concedeu a axuda e facturas dos gastos efectuados, por importe como mínimo da axuda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda: Que se proceda ó pago das subvencións outorgadas mediante acordo do Pleno Municipal de 29 de maio de 2017, que se indican:

- Á Asociación de veciños de Barrantes, se proceda ó pago de 1.720,98 € da subvención outorgada.
- Á asociación da Festa do Polo, se proceda ó pago de 934,55 € da subvención outorgada.
- Á Asociación Herminio Barreiro, se proceda ó pago de 1.858,52 € da subvención outorgada.
- Á Agrupación músico-cultural de Ribadumia, se proceda ó pago de 1.793,28 € da subvención outorgada.
- Á Asociación Alecrín, se proceda ó pago de 925,73 € da subvención outorgada.
- Á asociación Xubilados da Senra, se proceda ó pago de 705,32 € da subvención outorgada.
- Á Asociación Cultural Pé de Cuba, se proceda ó pago de 1.255,47 € da subvención outorgada.
- Á ANPA CRA, se proceda ó pago de 1.393,01 € da subvención outorgada.
- Á ANPA CPI, se proceda ó pago de 2.218,23 € da subvención outorgada.
- Ao Umia CF, se proceda ó pago de 9.375,62 € da subvención outorgada.
- Á Asociación TECOR Salnés, se proceda ó pago de 199,05 € da subvención outorgada.
- Á asociación Esperanza Salnés, se proceda ó pago de 910,71 € da subvención outorgada.
- Á Fundación Amigos de Galicia, se proceda ó pago de 2.069,81 € da subvención outorgada.
- Á AECC Pontevedra, se proceda ó pago de 551,95 € da subvención

outorgada.

- Á ESMAR-Maltrato Cero, se proceda ó pago de 717,53 € da subvención outorgada.
- Á Protección Civil, se proceda ó pago de 3.000,00 € da subvención outorgada.

10º.- DAR CONTA DA XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO COA FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA PARA A DISTRIBUCIÓN DE PRODUTOS DE PRIMEIRA NECESIDADE ENTRE AS PERSOAS NECESITADAS, SUBSCRITO PARA O ANO 2017.-

Dase conta do escrito presentado polo Director da Fundación "Amigos de Galicia" polo que se remite a conta xustificativa do ano 2017, relativa ao "Plan Integral de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social", levado a cabo no Concello de Ribadumia durante o exercicio 2017, e có obxecto de xustificar o importe a subvención concedida por este Concello, por importe de 2.000 €.-.

Dase conta da documentación presentada pola Fundación, xustificativa da axuda concedida e que comprende unha memoria da actividade desenrolada, conta xustificativa de gastos e ingresos, copia das facturas, declaración xurada de ter concedida unha subvención nominativa deste Concello para a mesma actividade, certificado de atoparse ó corrente das súas obrigas fiscais e coa seguridade social e certificado bancario.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada da xustificación presentada, prestándolle aprobación á mesma, acordándose se proceda ó pago da axuda concedida para tal fin, por importe de 2.000 euros.

11º.- PRESUPOSTO PARA A ADQUISICIÓN DE UN PC DELL 980 E UN MONITOR DELL 24" CON TECLADO E RATÓN.-

Dase conta do orzamento presentado por **Departamento Gallego de Informática S.L.L. (D.G.I.)** para a compra de un PC Dell 980 por importe de 205,00 € (sen IVE), un monitor Dell 24" por importe de 103,35 € (sen IVE) e un teclado e ratón Logitech por importe de 21,25 € (sen IVE).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:

1º.- Prestar aprobación ao orzamento para a **compra de un PC Dell 980, un monitor Dell 24" e teclado e ratón,** por un importe total de 329,60 € máis IVE.-

12º.- PRESUPUESTO PARA A ADQUISICIÓN DE UN PC INTEL I5.-

Dase conta do orzamento presentado por **Departamento Gallego de Informática S.L.L. (D.G.I.)** para a compra de un PC Intel i5 por importe de 499,00 € (sen IVE), e a instalación de un Sistema Operativo Windows 10 PRO 64 bits por importe de 145,00 € (sen IVE).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:

1º.- Prestar aprobación ao orzamento para a **compra de un PC Intel i5,** e a instalación de un Sistema Operativo Windows 10 PRO 64 bits, por un importe total de 329,60 € máis IVE.-

13º.- PAGOS E FACTURAS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. Asistentes acorda prestarlle aprobación ós seguintes pagos e facturas:

<i>SOLADOS Y OBRAS REYSA, S.L.U.: CERTIFICACION Nº2 OBRA AMPLIACION LOCAL SERVIZOS SOCIAIS ALMACEN ALIMENTOS E ROUPA</i>	<i>7.957,79 €</i>
<i>NUÑEZ MARTINEZ, JACOBO: REPARACION TRACTOR</i>	<i>1.144,04 €</i>
<i>AREA COMERCIAL PINTOS, S.L.: SUMINISTRO MATERIAL VARIO OBRA IGREXA BARRANTES</i>	<i>834,33 €</i>
<i>R CABLE: TELEFONIA FIXA OUTUBRO</i>	<i>1.376,28 €</i>
<i>TECNATUR: ANALÍTICAS LEGIONELA INSTALACIÓNS DEPORTIVAS</i>	<i>1.355,20 €</i>
<i>COPER@CTIVA CULTURAL, S.L.: ACTUACION HISTORIAS DA FRONTEIRA DE LOIS PEREZ NO AUDITORIO MUNICIPAL OUTUBRO 2017</i>	<i>605,00 €</i>
<i>RIGEL: REPARACION ALARMA SERVIZOS SOCIAIS</i>	<i>740,13 €</i>
<i>QUERUBINES: XESTIÓN GARDERÍA MUNICIPAL NOVEMBRO 2017</i>	<i>11.649,21 €</i>

<i>DIEGUEZ PAZOS, JESUS MARIA: ASESORAMIENTO URBANISMO MES NOVIEMBRE)</i>	<i>2.650,00 €</i>
<i>ESPINA Y DELFIN, S.L.:CONTROL ANALITICO VERTIDO E CONTROL MEDIO EDAR LOIS</i>	<i>1.152,79 €</i>
<i>ACHEGA, ATENCION DOMICILIARIA, S.L.: SAF LIBRE NOVIEMBRE</i>	<i>2.081,20 €</i>
<i>SOGAMA, S.A.: TRATAMIENTO RESIDUOS URBANOS NOVIEMBRE 2017</i>	<i>10.992,49 €</i>
<i>AFYT: GESTION E ASESORAMIENTO LABORAL NOVIEMBRE</i>	<i>629,20 €</i>
<i>ARCA CARBALLA, JESUS M.: CLASES DIRIXIDAS BODYJUMP NOVIEMBRE</i>	<i>640,00 €</i>
<i>MANCOMUNIDADE DO SALNES: CONSUMOS DE AUGA POTABLE NOVIEMBRE 2017</i>	<i>9.118,49 €</i>
<i>MANCOMUNIDADE DO SALNES: CONSUMOS DE AUGA POTABLE MES DE OUTUBRO 2017</i>	<i>9.169,12 €</i>
<i>ELEFONCA, S.L.: REPARACIÓNS CAMPO FUTBOL RIBADUMIA</i>	<i>657,16 €</i>
<i>SERVICIOS PUENTE LIÑARES, S.L.: GASOIL CAMION LIXO</i>	<i>1.375,44 €</i>
<i>ALMACENES MONTES E HIJOS S.L.: SUMINISTRO MATERIAL MANTEMENTO CAMPO FUTBOL RIBADUMIA</i>	<i>2.090,88 €</i>
<i>GT3 SOLUCIONES S.L.: CUOTA ADMON LOCAL 2017, MANTEMENTO ANUAL SWALL 2017 E MANTEMENTO SEDE ELECTRONICA 2017</i>	<i>15.371,22 €</i>
<i>MONTAXES ELECTRICOS SALNES, S.L.: MANTEMENTO ALUMEADO PUBLICO DO 01 AO 30 DE NOVIEMBRE 2017</i>	<i>2.620,92 €</i>
<i>LYRECO ESPAÑA SA: SUMINISTRO MATERIAL VARIO OFICINAS</i>	<i>656,75 €</i>

E non habendo máis asuntos que tratar, se levanta a sesión sendo as catorce horas e cuarenta e cinco minutos de todo o cal eu, como Secretaria, dou fe.-